

## TAREFAS 1º E.P. (do luns 15 ao venres 19 de xuño do 2020)

Bo día nenos e nenas de 1º!

Última semana de curso!! Como vos atopades? Esperamos que FENOMENAL!! ☺ Como vos comentamos a semana pasada, esta semana será especial, non haberá tarefas como tal, así que... gardade os libros ata setembro!!

As vosas mestras bótanvos moitísimo de menos de dálles moita pena non poder rematar o curso cunha festa por todo o alto con todos vós; especialmente á profe Silvia, que para o ano non dará clase aos nenos e nenas de 1º A.

Como esta será a última semana de "tarefas" aproveitamos para despedirnos de vós. Foi un gusto ser as vosas mascotas, sodes uns nenos e nenas ENCANTADORES/AS!!! Esperamos que o pasarades ben este curso e que aprenderades un montonazo, a pesar da situación tan dura que nos tocou vivir e da que aínda nos estamos a recuperar. Agora só nos queda dicirvos....



**BO VERÁN A TODOS E TODAS!!!! GOZADE DUN MEREcido DESCANSO E OXALÁ TEÑADES UNHAS MARABILLOSAS VACACIÓNS!!**

**ATA LOGUIÑO E....**

**MIL BICOS DE AMORODO DE PARTE DE LEDICIA, LUCINDA, MARIETA E SILVIA.**

## TAREFAS 1º E.P. (do luns 15 ao venres 19 de xuño do 2020)

### CALENDARIO DE RETOS:

#### LUNS 15

##### RETO 1: VÍDEO OU FOTO DE DESPEDIDA!

Anímate a mandarnos unha foto ou un vídeo de DESPEDIDA para os teus compañeiros/as e colgarémolo na carpeta de Drive que temos compartida para que poidamos vernos TODOS/AS!!

*As profes tamén nos imos animar a facer un vídeo de DESPEDIDA xa que este curso non imos poder facer unha festiña coma todos os anos!*

##### RETO 2: ÚLTIMO MENSAJE SECRETO DEL CURSO ☺

<https://es.liveworksheets.com/c2a=s&q=1%C2%BA%20E.P&s=Mensaje%20secreto&t=mbbit4tdl8&mn=uf&is=y&ia=y&l=gf&i=dssucu&r=ky>  
(Poned nombre y curso cuando lo enviéis)

#### MARTES 16

##### RETO: TEATRO DE MARIONETAS!

Necesitamos:

- Pinzas da roupa de madeira.
- Rotuladores.
- La.

Para empezar, debuxamos e coloreamos caras de perfil cunha boca moouiii grande, que poidas recortar facilmente para logo pegar nas pinzas.

O pelo podes facelo empregando la de cores. Unha vez que teñas a cara recortada, pega cada metade nunha parte da pinza. A parte inferior da cara na parte de abaixo e a parte superior na de arriba. Agora as túas marionetas xa poden falar!!!  
Tes un exemplo máis abaixo.

#### MÉRCORES 17

##### RETO: EXPERIMENTO: OVO SALTARÍN!

Necesitamos:

- Un ovo.
- Un tarro.
- Vinagre.

Abre o tarro. Mete o ovo dentro. Asegúrate de que o tarro sexa ancho na súa parte superior, xa que o ovo vai aumentar de tamaño e pode resultar complicado sacalo ao finalizar o experimento.

Bota vinagre ata que cubra o ovo. Péchao, a cáscara do ovo empeza a descompoñerse. Espera 48 horas. Ao estar en vinagre o ovo é máis elástico e grande.

Se picas no seguinte enlace podes ver un vídeo do experimento! Tes que darlle Ctrl+clic

[https://www.youtube.com/watch?v=DJsT63zc\\_Cg](https://www.youtube.com/watch?v=DJsT63zc_Cg)

#### XOVES 18

##### RETO 1: POLIÑOS DIVERTIDOS!

Necesitamos:

- Unha oveira de cartón.
- Rotuladores ou acuarelas.
- Cartolina.

Empezamos recortando a oveira. Podes coloreala con acuarelas ou rotus!

Con un pouquiño de cartolina podemos facer os peteiros (fíxate na foto que aparece máis abaixo).

Píntalle uns ollos!

Para rematar podes poñerlle unha pluma na parte de arriba. (Este poliño divertido pode servirche como caixiña para gardar cousas!! Ou mesmo algunhas chuches podes gardar!)  
☺

##### ACTUACIÓN FIN DE CURSO:

Actuación de "Ce Orquestra Pantasma" ás 17:00 a través de Youtube. NON A PERDADES!!

#### VENRES 19

Pasaron xa as 48 horas? Non te esquezas de mirar o teu ovo e....  
**TERÁS UN OVO SALTARÍN!**



Nenos e nenas, esperamos que vos gustaran os retos desta semana e que aprenderades moito este curso!



BO VERÁN E ....

MIL BICOS DE AMORODO!



*TAREFAS 1º E.P. (do luns 15 ao venres 19 de xuño do 2020)*

## **TEATRO DE MARIONETAS!**



*TAREFAS 1º E.P. (do luns 15 ao venres 19 de xuño do 2020)*

## **POLIÑOS DIVERTIDOS!**

